

PROTOCOLO COMEDOR

CPR PLURILINGÜE HERMANOS QUIROGA

CURSO 2026/2027

ÍNDICE

I.- OBXECTIVOS

- 1.1 Educación para a saúde.
- 1.2 Educación para a Convivencia.

II.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

Competencias do persoal coidador/responsable.

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR

- 3.1 HIXIENE.
- 3.2 ORGANIZACIÓN E COMPORTAMENTO.
- 3.3 ALIMENTACIÓN.
- 3.4 TEMPO LIBRE.

IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN:

- 1. Infraccións leves.
- 2. Infraccións graves.
- 3. Infraccións moi graves.

I.- OBXECTIVOS

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 Educación para a saúde:

- Promover e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha adecuada Educación para a Saúde.
- Poñer en práctica as normas hixiénicas e sanitarias traballadas na clase.
- Iniciarse nos gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenvolver hábitos no uso axeitado dos utensilios relacionados coa alimentación.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas básicas de educación na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que se poden obter dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto en materia de saúde do alumnado como de educación nutricional.
- Concienciar á familia dos patróns de comportamento adquiridos no comedor do Centro Educativo e da importancia de seguir con eles na casa.

1.2 Educación para a Convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación en tarefas comúns.
- Espertar o espírito de cooperación no alumnado, implicándoo, segundo as súas posibilidades, nas tarefas de servizo do comedor: poñer e quitar o servizo, axudar aos máis pequenos...
- Fomentar o compañeirismo e actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da Comunidade Escolar.
- Conseguir un comportamento correcto na mesa.
- Conseguir un ambiente sen moito ruído, evitando berrar e conversar de forma relaxada.
- Coidar e respectar os locais, mobiliario, equipamento e utensilios de uso comunitario.

II.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

1. O Comedor Escolar comezará o primeiro día lectivo de setembro e rematará o último día lectivo de xuño. As estratexias de adaptación ao Centro que se programen para o alumnado de tres anos ao comezo do curso, requirirán regular o uso do servizo para este alumnado no período indicado.
2. Todo aquel alumnado que precise do Servizo de Comedor deberá solicitalo na Secretaría.
3. Establécense os seguintes tipos de usuarios:
 - a. Considéranse usuarios **fixos** os que utilizan o servizo de comedor todos os días do curso.
 - b. Considéranse usuarios **fixos descontinuos** aqueles que utilizan o servizo algún día da semana, de forma sistemática durante todas as semanas.
 - c. Considéranse usuarios **esporádicos** aqueles que, excepcionalmente, precisan utilizar o Servizo de Comedor un día determinado. A prestación do servizo a este alumnado estará suxeita á dispoñibilidade de prazas e deberá ser recollido previamente na matrícula.
No caso dos usuarios esporádicos que non envíen as solicitudes ao correo electrónico [\(comedorcolexioquioga@gmail.com\)](mailto:comedorcolexioquioga@gmail.com) destinado a tal fin **antes das 14:00h** do día anterior, non serán atendidas.
4. É necesario facilitar máis dun teléfono para que os monitores poidan contactar cos pais ante calquera incidencia, e que estes teléfonos estean sempre operativos. A imposibilidade de contactar reiteradamente coa familia, poderá supoñer a suspensión temporal da asistencia ao comedor.
5. O pagamento do servizo realizarase mediante domiciliación bancaria.
O custo do mes completo será de 135 euros non reembolsables.
O menú cando se trate de días soltos, será de 7,50 euros.
A partir do segundo irmán/á, se asisten o mes completo, terán un desconto do 10% .
No caso dos usuarios esporádicos deberán traer os cartos o día que asistan ao comedor, sempre que a solicitude enviada por correo o día anterior estea aceptada.
6. A falta de pagamento da taxa de comedor por parte do alumnado, así como a morosidade continuada da mesma, serán causa de baixa no Servizo de Comedor Escolar.
7. Para darse de baixa voluntariamente no Servizo de Comedor, será necesario facelo na Secretaría do Centro, cunha antelación mínima dunha semana.
8. O horario do comedor será de 14:15h a 15:30h para Educación Infantil e 1ºCiclo de Educación Primaria e de 14:30h a 15:30h para o 2º e 3º Ciclo de Primaria e para ESO. Por seguridade do alumnado, as portas do Centro permanecerán pechadas durante este horario. A saída será **ás 15:30h en punto**, se se excede de esa hora, haberá sanción.
9. **Deberase respectar o tempo de recollida.**

10. En caso de separación matrimonial e a efectos de posibles saídas, deberá comunicarse ao responsable quen vai recoller habitualmente ao alumno/a. Tamén se deberá cubrir a correspondente autorización cando a persoa que vaia recoller ao alumno/a sexa distinta do seu pai, nai ou titor, adxuntando DNI.
11. O alumnado non poderá saír do recinto escolar durante o período de Xantar. Se os seus pais veñen recollelos antes do remate das mesmas, será por causa xustificada e previa notificación.
12. O alumnado que non asista ás clases non poderá utilizar o Comedor.
13. A partir do segundo irmán/a terán un desconto do 10%, só no caso do mes completo.
14. O menú será único para todos os comensais. Non obstante, establécense as seguintes excepcións: Dietas brandas: Para o alumnado con problemas gastrointestinais temporais, baixo prescrición médica. Alumnado alérxico á alimentación ou que padeza algunha enfermidade ou trastorno somático que requira unha dieta específica. Presentando certificado médico, estes alumnos están autorizados para utilizar o Servizo de Comedor nos termos previstos pola normativa antes citada. Non obstante, aqueles alumnos con alerxias moi localizadas poderán facer uso habitual do comedor, consumindo o menú establecido para todos os comensais, agás os días nos que o menú inclúa algún dos compoñentes aos que sexan alérxicos, en cuxo caso tomarán un menú alternativo.
15. En ningún caso se administrará medicación aos nenos que acudan ao Comedor. Do mesmo xeito, nunca se deben dar medicamentos aos nenos.
16. A empresa concesionaria do servizo entregará a información do menú mensual que será colgada na Web do colexio e nas redes sociais.. Esta información facilitará ás familias a elaboración da dieta completa dos seus fillos/as, completando no resto das comidas o que se come no comedor.
17. Cada alumno/a disporá dunha bolsa de aseo con cremalleira, que traerán da casa co seu nome, na que depositará os útiles para o cepillado e a hixiene dos dentes, esta virá e irase do cole na mochila dos alumnos.
18. O alumnado de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria deberán traer un mandilón de cadros grandes vermello que permanecerá no centro toda a semana.
19. Todo o alumnado deberá respectar as Normas de Funcionamento e Convivencia do Comedor: limpeza, entrada ao comedor, comportamento e hábitos alimentarios.
20. O incumprimento por parte do alumnado das Normas de Funcionamento e Convivencia do Comedor, así como o impago das mensualidades, ou ausencias superiores ao 20% (sen presentar xustificante en Secretaría) suporá a baixa do Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.

Competencias do persoal coidador/responsable:

O persoal coidador do comedor escolar terá as seguintes funcións:

- 1 A imprescindible presenza física, tanto durante a comida no interior do comedor como nos tempos libres.
- 2 O servizo e atención ás mesas dos usuarios, procurando un correcto uso e conservación dos utensilios de comedor.
- 3 Atender e apoiar ao alumnado que pola súa idade ou necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade necesiten a colaboración e apoio dun adulto nas actividades de alimentación e limpeza.
- 4 Coidar e manter a hixiene do alumnado.
- 5 Acompañar ao alumnado que utiliza o servizo ás instalacións do comedor escolar, tendo especial coidado co alumnado con necesidades educativas especiais e cos de educación infantil.
- 6 Adoptar as medidas necesarias para que non se impida unha inxestión satisfactoria naqueles alumnos que requiran máis tempo.
- 7 Cantas outras actitudes tendentes á vixilancia, coidado e dinamización do alumnado sexan necesarias.
- 8 A persoa titular do comedor escolar exercerá, ademais das funcións de coidador, as seguintes:
 - a) Supervisar os preparativos do servizo de comedor, coordinando as tarefas dos coidadores e garantindo a apertura do servizo no momento que se acorde.
 - b) Controlar o acceso e presenza no comedor escolar tanto de hóspedes habituais como esporádicos.
 - c) Comprobar que o menú se serve en condicións hixiénicas adecuadas e que os utensilios se atopan nun estado adecuado de uso.
 - d) Comprobar que o menú servido se axusta ao previamente planificado e informado aos pais.
 - e) Verificar a adecuación do menú servido ao alumnado que, por prescripción médica, requira un réxime dietético especial, sempre que fose previamente e adecuadamente comunicado.

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR

Con carácter xeral, as actividades do Comedor Escolar rexeranse polo Regulamento de Réxime Interno incluído no noso Proxecto Educativo de Centro.

Son normas específicas do Comedor:

3.1 Hixiene

1. O alumnado (incluído o de Educación Infantil) debe saber comer por si mesmo, usar os baños e lavarse as mans.
2. Todo o alumnado pasará polos servizos asignados para facer o relevo e lavarse as mans antes de acudir ao Comedor. Durante a comida non poderán acudir ao servizo salvo por indisposición ou enfermidade e sempre coa autorización dos Monitores.
3. Non se poderán introducir obxectos no Comedor. Carteiras, libros, abrigos, xoguetes, móbiles etc. deixaranse no lugar correspondente.
4. Terase especial coidado no uso correcto dos cubertos, así como no uso do pano de mesa.
5. Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros alumnos.
6. Despois de comer, e antes de acudir aos lugares asignados, todo o alumnado deberá pasar polo aseo, acompañado dos seus monitores, para lavar os dentes e lavar as mans.

3.2 Organización e comportamento

1. Á saída do colexio, o alumnado de Educación Infantil agardará ao responsable do comedor para recollelo e acompañalo ás instalacións do comedor de forma ordenada. Máis tarde, comezarán a comer unha vez que o alumnado estea todo sentado e cos mandilóns postos.
2. O alumnado de Educación Primaria e ESO deberá esperar a que o responsable do comedor indique o paso ás instalacións.
3. O alumnado almacenará os abrigos de forma ordenada nos armarios habilitados para iso.
4. O alumnado sentará segundo o disposto polos responsables do comedor. Inicialmente por idade e por curso, con posibilidade de excepción por motivos xustificados e motivados por parte dos responsables do comedor.
5. O alumnado con alerxia disporá dun lugar específico sinalado cunha tarxeta específica para o tipo de alerxia e os alimentos que non se poden consumir.
6. Deberase respectar todo o material e utensilios, sendo o alumnado responsable do seu deterioro por mal uso.
7. Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras nin moverse do seu lugar. Non poderán erguerse. Para chamar aos monitores, deberán facelo levantando a man ata que sexan contestados.
8. É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca te dirixirás aos demais berrando, senón falando cun ton de voz axeitado.
9. No caso de que se considere oportuno, por razóns estritamente educativas, o alumnado colaborará, na medida das súas posibilidades, co Servizo de Comedor.

10. O alumnado está obrigado a respectar ao persoal nos mesmos termos que o profesorado do Centro: debe obedecer e seguir as súas indicacións.

11. Ao rematar a comida, agardarán en silencio a hora de saída, que se fará nos mesmos termos que na entrada.

3.2 Alimentación

1. O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se sirva (segundo circunstancias, complexión...).
2. En caso de non poder inxerir algún tipo de alimento, deberá achegarse Certificado Médico que o acredite.

3.4 Tempo libre

1. Cada grupo permanecerá no lugar asignado baixo a supervisión dos Monitores e realizando a actividade programada. Ningún alumno poderá separarse do seu grupo sen permiso.
2. Non está permitida a práctica de xogos perigosos, é dicir, aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.

IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. Infraccións leves

a) Considéranse infraccións leves:

- Desobedecer lixeiramente as instrucións do persoal de vixilancia.
- Non lavar as mans nin os dentes.
- Entrar ou saír desordenadamente do comedor.
- Entrar no comedor con obxectos non permitidos (xoguetes, libros, móbiles, etc.).
- Sacar comida ou calquera alimento do comedor.
- Cambiar de lugar (na mesma mesa).
- Non comer correctamente ou non facer un uso adecuado dos utensilios (cubertos, panos de mesa, etc.)
- Permanecer mal sentado ou balancearse na cadeira.
- Facer ruído, berrar ou falar cos alumnos doutras mesas.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

- Amonestación verbal ao alumno/a. En caso de reiteración, comunicación por escrito aos pais.
- Separación temporal do grupo de referencia (ou da súa mesa de comedor) e integración noutra
- Perda do dereito a participar en xogos ou en actividades lúdicas.
- Realización de tarefas relacionadas coa infracción cometida. Estas sancións poderán ser impostas polo persoal de vixilancia.

2. Infraccións graves

a) Considéranse infraccións graves as seguintes:

- Acumulación de tres infraccións leves.
- Desobedecer gravemente as instrucións do persoal de vixilancia.
- Cambiar de lugar (a outra mesa) ou cambiar de grupo durante as actividades de lecer.
- Levantarse do seu sitio sen causa xustificada.
- Saír do comedor sen autorización do persoal de vixilancia.
- Deterioro intencionado ou por mal uso do material do comedor.
- Tirar comida ao chan ou a outros compañeiros intencionadamente.
- Asistir ao Comedor sen ter asistido a clases ese día.
- Retraso reiterado (máis de 3 veces) na recollida do alumno/a ao finalizar o servizo de comedor.
- Imposibilidade de contactar telefónicamente coa familia.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións: Calquera das contempladas por infraccións leves. Ademais de:

- Aviso por escrito ao alumno/a. Comunicación aos pais.
- Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
- Comer illado dos compañeiros (ata 5 días) ou expulsión temporal do Comedor (ata 5 días) Estas sancións poderán ser impostas polo Equipo Directivo do Centro e serán comunicadas aos pais.

3. Infraccións moi graves

a) Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- Acumulación de tres faltas graves.
- Saír do Centro sen permiso en horario de comedor.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións: Calquera das contempladas por faltas graves. Ademais de:

- Expulsión temporal do comedor (de 5 días a 1 mes).
- Expulsión definitiva do Comedor. Esta última sanción poderá ser imposta polo Consello Escolar do Centro, previa escoita aos pais.

Por último, lembramos que todos os usuarios que soliciten a prestación deste servizo deberán ler e aceptar as normas establecidas no Regulamento de Comedor Escolar.

Para todas as circunstancias non establecidas nel, será de aplicación o Regulamento de Réxime Interno do Centro.